

REDUCCIÓN DE XORNADA E CONCRECIÓN HORARIA

Eu, _____, con documento de identidade nº _____, con enderezo, para efectos de notificación, en _____, e teléfono _____.

MANIFESTO:

PRIMEIRO: Que, de conformidade co establecido no artigo 37.6 do ET, quen por razóns de garda legal teña ao seu coidado directo algún menor de 12 anos, terá dereito a unha **redución da xornada de traballo** de, entre polo menos, un oitavo e un máximo da metade da duración daquela.

SEGUNDO: Que tendo en conta o recollido no artigo 37.7 do Estatuto das persoas Traballadoras, **a concreción horaria e a determinación do período de goce do permiso de lactación e da redución de xornada, corresponderá á traballadora ou traballador**, dentro da súa xornada ordinaria.

TERCEIRO: Ao abeiro do recollido no artigo 34.8 do E.T. segundo o cal *"as traballadoras e traballadores teñen dereito a solicitar as adaptacións da duración e distribución da xornada de traballo, na ordenación do tempo de traballo e na forma de prestación, incluída a prestación do seu traballo a distancia para facer efectivo o seu dereito á conciliación da vida persoal, familiar e laboral. No caso de que teñan fillos ou fillas, as persoas traballadoras teñen dereito a efectuar dita solicitude até que os fillos ou fillas cumpran 12 anos, tendo dereito a solicitar o regreso da súa xornada ou modalidade contractual anterior unha vez concluído o período acordado, ou cando o cambio das circunstancias así o xustifique, mesmo cando non transcorrese o período previsto"*..

SOLICITO:

Adaptar a duración e distribución da xornada de traballo para facer efectivo o meu dereito á conciliación da vida persoal, laboral e familiar, de xeito que a xornada sexa distribuída do seguinte xeito: de _____ a _____ horas.

En caso de non recibir resposta a este escrito nun prazo de quince días, entenderase estimada a petición.

E para que así conste para os efectos oportunos asino o este escrito en _____, a _____ de _____ de 20____

Asinado,

Recibir,

O/a traballador/a

A empresa